

Arminda Calvo Casalderrey

LÉREZ, 1923

Arminda tiña catorce anos cando foi testemuña do fusilamento do seu tío. Albino Sánchez, *O Perrita*, casara con Carmen, unha irmá da súa nai, minutos antes de ser levado ao paredón de Monteporreiro. Un falanxista fora buscala para ir o cárcere e Carmen alertou a berros ao home da súa irmá Teresa. Non só era o seu cuñado, ademais mantiña unha fonda amizade con Albino:

-Manuel, mátanos hoxe!

Daquela, o pai de Arminda xa estaba acamado pola tuberculose que lle ía custar a vida pero nada impediu que fora correndo á finca das *Lanudas*, alcume con que eran coñecidas as catro irmás Casalderrey: Teresa, Carme, Matilde e Sabina. Desde alí divisábase San Benito, o monte do Rego, e o lugar elixido para o fusilamento do home de Carmen. Arminda, que daquela tiña catorce anos, acompañou o seu pai nun día que ficaría para sempre na súa memoria:

“Avisaron a miña tía de que lle ían matar o home... Matáronos pola mañá. Ela chamou ao meu pai, que estaba na cama porque xa estaba mal:

-Manuel, mira que os van matar agora.

Ía tola, pobriña. Aquilo foi... quedoume gravado:



-Manuel, Manuel, mira que os matan agora!

E o meu pai levantouse tolo da cama, mal como estaba, e foi á horta da miña avoa a Lanuda, porque desde alí víase todo. Foi por aqueles camiños berrando:

-Compañeiros!!!

Chorando por eles. Aquel día tamén mataron a Moldes e outros homes. Vin como ían no camiión dando vivas a Largo Caballero e berrando: Viva a República!!! Escoiteinos eu mesma, que fun con papá. Levábanos os de asalto nun camiión grande. Horrible. Aquilo foi tremendo. Lembro sobre todo o de Largo Caballero, os Vivas á República e os tiros de graza. Na canteira da miña avoa víase todo. O que vivimos daquela foi horrible”.

Manuel Calvo García, o pai de Arminda, estaba moi unido ao seu cuñado:

“Nós tivemos taberna toda a vida. A taberna de Calvo era moi famosa, tiña un viño moi rico, moi fresquiño sempre, e *O Perrita* estaba moitas veces na nosa taberna. Lembro que viña sempre á casa ver a miña tía Carmen que vivía na da súa nai. Eles ían casar cando se puxo todo revolto”.

Tamén frecuentaba a taberna de Calvo Víctor Moldes Carro, fusilado co *Perrita* aquel 17 de abril de 1937. Natural de Campañó pero tamén veciño de Lérez, Moldes chegou a ser presidente da Federación Agraria Comarcal ademais de representar ao sector de ultramarinos na Federación de Comercio e participar en varios mitins a favor da Fronte Popular nas eleccións de febreiro de 1936:

“Moldes era moi amigo de papá, tanto que para volver á súa casa daba unha volta para vir pola nosa rúa. Pasaba pola do meu pai e falaban os dous. Mira se se levaban ben que cambiaba o camiño para estar con Calvo”.

Segundo a súa filla, Manuel Calvo, que ademais da taberna familiar tiña un taller de carpintaría na Pedreira con varios empregados, compartía con Moldes e Albino a paixón pola política:

“O meu pai era moi político. El collía un diario e non o lía, cantáboo para toda a xente da taberna (...). Se había un acto, na Praza de Touros ou onde fose, el era o primeiro que se presentaba, non tiña problema ningún. E cando foi da folga, non deixaban pasar as leiteiras. Botáronlle o cacharro do leite ao mar.”

A familia cre que se non foi detido e mesmo fusilado como o seu cuñado foi porque xa estaba gravemente enfermo e o historiador Xosé Álvarez Castro apunta ademais a posibilidade de que Calvo, que estivo oculto os primeiros momentos tras o golpe, puidese contar coa protección do cura de Lérez, Leandro del Río, ao que tamén se entregaron *O Perrita* e Moldes tras andar varios meses fuxidos.

A familia de Moldes mesmo lle deu ao sacerdote, por iniciativa deste, importantes sumas de cartos para entregar ao xefe dos cívicos, Víctor Lis Quibén, intentando así comprar o indulto, pero tanto el como Albino foron fusilados. Segundo Álvarez Castro, a diferenza puido estar en que Calvo era un militante de base sen tan



fonda implicación como a que tiñan Moldes, que chegara a participar en mitins, ou *O Perrita*, que estivo nas milicias que intentaron defender a II República en Pontevedra.

Pero o certo é que a boa imaxe que garda a filla de Teresa de Leandro del Río é moi distinta á que quedou na familia de Carmen, que ve responsabilidade do cura no fusilamento do *Perrita* pois, segundo explican, se se entregou foi porque o sacerdote lle asegurou á muller que lle salvaría a vida.

Arminda só ten boas palabras para o párroco, non pola posible intercesión a favor do pai senón polo comportamento que tivo coa súa nai á morte deste, ocorrida pouco despois da do *Perrita*.

“Nos vendiamos, puñamos un posto de viño no adro para axudarlle a mamá porque a situación era moi crítica. E cando eu ía pedirlle permiso a don Leandro para por o postiño, sempre me dicía:

-Pero para que vés xa, muller, se mentres eu viva, esas catro árbores que están aí, esas xa son túas.

Mira que boa persoa era... A nós queríanos moito.(...)Puñamos o posto onde as árbores cunhas táboas que facía un irmán meu, Manolo, que era carpinteiro. Puñamos un posto moi ben feitoño e mamá cando debía algo xa ía pagar o que debiamos. Era o primeiro que facía con aqueles cartiños que faciamos xuntos. Pagarlle a quen debía”.

Como en tantos outros fogares, a posguerra foi dura no de Teresa Casalderrey. Quedou soa con sete criaturas e a constante presión dos cívicos, que lle fixeron continuas requisas no negocio:

“Ela tiña a tenda e requisáronos...buf! Mira como sería que o millo que tiña da colleita, miña nai agochouno na habitación onde tiña as camas. Requisáronlle e logo clausuráronnos a tenda non sei canto tempo. Dicían que si estaba o millo abusado de prezo... Estaban detrás nosa e pechárona ben de veces. Tiñamos que despachar na casa vella. Viña a xente mercar arriba e abaixo o tiñamos todo pechado. Para sacar aceite dun bidón, tiña que se pór unha a mirar pola rúa que non viñera xente porque se te vían xa che sacaban o aceite. Era horrible e don Leandro defendía a miña nai desde o púlpito”.

Para saír adiante, Arminda empezou a ir ao *estraperlo* coa súa tía Carmen, que tamén quedara soa con dúas criaturas tras o asasinato do *Perrita*:

“Matáronlle o home e a miña tía tivo que andar espelida. Daquela eu xa era unha mociña e chegoume o que pasei tamén eh? Que eramos sete irmáns e eu era a segunda... Non quero nin pensalo. Nós pasamos unha situación moi crítica. Había poucas así na parroquia que tivemos que resistir os sete sen papá. Papá morreu moi novo e mamá pasounas tamén... Foron moitos sacrificios porque non tiñamos medios para poder vivir.”



As súas irmás eran modistas e poucos cartos levaban a casa, así que ela meteuse a *estraperlista*:

“As miñas irmás cosían pero gañaban moi pouco. A maior facía traxes pequeniños e a segunda labores de gancho, ata zapatiños de bebé e todo. Eu tiña que coller o tren en Pontevedra ás seis da mañá tódolos días. Saía de Lérez e collía o tren coa miña tía Carmen para ir a Salvaterra do Miño e por alí arriba, a mercarlle aos portugueses. Íamos ata Salvaterra e xa cruzabamos por alí para ir ata Portugal. Levabamos faixas e traíamos barras de xabón e teas, de todo a cambio da prata que levabamos de aquí. Lástima dela!”

Carmen e Matilde, as súas tías, chegaron ir presas por andar no *estraperlo*. A primeira dúas veces. A Arminda, sen embargo, nunca a detiveron.

“Un día na estación de Figueira, cerca de Ribadavia, baixei cun paquete de prata no suxeitador e estaban revisando a todo o mundo. Cando vin ao garda púxenme diante del e díxenlle a unha muller que non coñecía de nada: Juana, veña, que marchamos e quedas soa! E coma quen que chegaba tarde marchei con ela. Logo vendín a prata en Portugal”.

Tiña mil trucos para intentar eludir os gardas, que lle chamaban A Rubia:

“Un día mandáronme sacar o xabón que levaba na faixa e eu metínme no baño do tren para quitalo e deixei unha barra agochada nun andel que había alí. Logo fun por el. Lembro que unha veciña, á que lle incautaran todo, dicíame: Ti polo menos salvaches unha barra!”

Había que andar espelida para acabar coa fame. Arminda lembra ir andando ata Campolongo con 14 anos, pouco despois de morrerlle o pai, para intentar conseguir un pouco de millo porque non tiñan nada que comer:

“Eu axudáballe moito á miña nai porque nós non tiñamos fincas como tiñan outros e era horrible a fame que se pasaba. Non quero pensar o que se pasou para comer, que chegamos ata a andar co volframio”.

Foi un tempo duro do que na casa das *Lanudas* non se falaba. Arminda non lembra que Carmen falase do seu home e, sen embargo, coa primeira paga de viuvez que lle deron, xa en democracia, mercou o anel de casada que non puidera ter naquela voda celebrada momentos antes de quedar viúva.

O golpe de xullo do 36 abriu a veda ós secretos e ós agochos. Oito décadas despois, Arminda aínda lembra aquel verán dos seus trece anos:

“Lembro a todos os homes fuxindo para o monte: Estallou a guerra! E todos a escapar para o Castelo e por alí”



Os homes mesturaban o agocho no monte coa procura de acubillo nas casas e O *Perrita* ocultouse, entre outras, na da súa sogra, onde vivía Carmen cos dous fillos que tiñan en común.

“Un día foron buscar o *Perrita* onde a miña avoa e cando entraron el meteuse xusto detrás da porta e salvouse. Buscárono pola casa e el detrás da porta aberta. Non facían máis que ir por el. Non saían de alí, sempre ían alí buscalo, e aquel día estaba na casa cando chegaron pero ela abriu a porta, el quedou detrás e buscaron dentro por todas partes pero a el non o viron e desa salvouse”.

Curiosamente, o compañeiro de paredón do seu tío, Víctor Moldes, conseguiría agocho na casa dos que, co tempo, serían os sogros de Arminda, José González, o *Xeviño* e Bernardina Carballo Eiras. O *Xeviño* estaba emigrado en Montevideo e eran a súa muller Bernardina e a súa irmá, Josefa González as que prestaban apoio a Moldes.

“Dáse a casualidade de que Víctor Moldes era moi amigo do pai da miña nai pero tamén era amiguísimo do pai do meu pai e de feito tivérono agochado na súa casa. Os dous vivían en Casaldorado. A casa dos meus avós paternos era a máis alta, tiña un piñeiral precioso que logo ardeu e Victoriano estivo agochado moito tempo na casa do meu avó, ata que se entregou. Estivo agochado entre a nosa casa e o monte”. [Ángel González, fillo de Arminda Calvo.]

Arriscaban moito, máis tendo ao seu fillo, futuro marido de Arminda, loitando no bando nacional:

“O meu pai pasou a guerra na fronte de Madrid pero falaba pouco deso. Só contaba que Moldes pasaba as noites na casa do meu avó. O meu pai tiña a idade do fillo del e eran moi amigos” [Ángel González, fillo de Arminda Calvo.]

Tamén estivo agochado un curmán de Arminda, Manuel Calvo Lores, durante un tempo con outro lerezán, Alejandro Gama Casalderrey, tamén parente seu. Calvo Lores era sindicalista e un comunista con longa traxectoria, antes e despois do golpe.

“O meu curmán Manolo estivo agochado no cemiterio, contoumo el, que estivo agochado no cemiterio e levábanlle a comidiña como podían. ‘Non me faltaba de nada pero porque viñan a miña nai e as miñas irmás sen sabelo ninguén’ dicía el”.

Para protexelo, outra familia da parroquia, a de Dolores García a Cañota, argallou un engano. Uns parentes que emigraran a Arxentina fixeron chegar unha carta sabedores de que a censura procedería a súa lectura, onde dicían que Manuel Calvo chegara ben, que non se preocupasen por el. Simulaban así que lograra fuxir e a realidade era que estaba agochado, nese momento no faiado da casa.



No tempo do medo, moitas familias de Lárez protexéronse entre si, logrando salvar a vida de varios dos seus veciños. Outros, como o *Perrita*, Víctor Moldes ou Tino Gama, irmán de Alejandro, correron peor sorte e engrosaron a listaxe das vítimas da barbarie.